



FAMILIA NUMEROSA

5 FAMILIA NUMEROSA

CONCEPTO:

Considérase familia numerosa a integrada por un ou dous ascendentes con tres ou máis fillas/os, sexan ou non comúns.

Un ou dous ascendentes con dúas fillas/os, sexan ou non comúns, sempre que polo menos un deles teña discapacidade ou incapacidade laboral.

Dúas persoas ascendentes, cando ambas tivesen discapacidade ou como mínimo, unha delas tivese un grao de discapacidade en grao igual ou superior ao 65%, ou tivesen unha incapacitación laboral, con dúas fillas/os, sexan ou non comúns.

O pai ou a nai separados ou divorciados, con tres ou máis fillas/os, sexan ou non comúns, aínda que estean en distintas unidades familiares, sempre que se encontren baixo a súa dependencia económica aínda que non vivan no domicilio conxugal.

Dous/dúas ou máis irmáns orfos/as de pai e nai sometidos a tutela, acollemento ou garda que convivan coa persoa titora, acollidora ou gardadora, pero que non estean ás súas expensas.

Tres ou máis irmáns orfos/as de pai e nai, maiores de 18 anos (ou dous, se un deles é discapacitado) que convivan e teñan unha dependencia económica entre eles.

O pai ou a nai con dous fillos, cando teña falecido a outra proxenitora.

TÍTULO:

Seguirá en vigor aínda que o número de fillos que cumpre as condicións para formar parte do título sexa inferior ao establecido, mentres polo menos un deles reúna as condicións.

Nestes casos a vixencia do título estenderase exclusivamente respecto dos membros que sigan cumprindo as condicións e non será aplicable aos fillos que xa non os cumpran.

QUEN SON ASCENDENTES:

Considéranse ascendentes o pai, a nai ou ambos conxuntamente cando exista vínculo conxugal e no seu caso, ao cónxuxe dun deles. Terán a mesma consideración que os fillos/as, as persoas sometidas a tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído. Ninguén poderá ser computado/a en dúas unidades familiares ao mesmo tempo.

OBRIGAS:

As persoas que formen parte das unidades familiares ás que se lles recoñecera o título de familia numerosa están obrigadas a comunicar á Administración competente, no prazo máximo de tres meses, calquera variación que se

produza na súa familia, sempre que estas deban ser tidas en conta a efectos da modificación ou extinción do dereito a tal título.

Dentro do primeiro trimestre de cada ano, están obrigadas a presentar unha declaración expresiva dos ingresos da unidade familiar existentes durante o ano anterior, excepto cando xa obren en poder da Administración, sempre que estes se tiveran en conta para a consideración da familia como numerosa, para a súa clasificación na categoría especial ou para acreditar o requisito de dependencia económica.

ORGANISMO DE REFERENCIA:

Consellería de Política Social.

NORMATIVA DE REFERENCIA:

Lei 40/2013, de 18 de novembro, de Protección á familia numerosa (BOE nº277, de 19 de novembro de 2003). Ley 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

Carné familiar galego

ORGANISMO DE REFERENCIA:

Consellería Política Social. Trámite online a través do portal de familiasgalegas.org

QUE É?

O carné é unha tarxeta persoal e intransferible da que se poden beneficiar os membros das familias numerosas que soliciten a súa expedición, por cumpriren os requisitos necesarios para estaren incluídos dentro do título oficial de familia numerosa.

ONDE O PODO CONSEGUIR?

O Carné Familiar expídese xunto co título de familia numerosa e permite que os seus membros obteñan descontos nos produtos que determinen os establecementos comerciais que se suman voluntariamente a este programa.

BENEFICIOS:

Vantaxes e beneficios que as entidades colaboradoras regulan no programa do carné familiar galego.

Un exemplar da guía de recursos e servizos por unidade familiar, que se entrega de balde.

Facer reclamacións formais no caso de que algunha entidade colaboradora non levase a cabo as vantaxes ou descontos que se estableceron.